

Vilar de Barrio	1.686
Vilar de Santos	991
Vilardevós	2.324
Vilariño de Conso	700
Xunqueira de Ambía	1.789
Xunqueira de Espadanedo	962

Pontevedra

Agolada	3.094
Arbo	3.833
Barro	3.583
Campo Lameiro	2.084
Cañiza, A	6.583
Catoira	3.473
Cerdedo	2.290
Cotobade	4.448
Covelo	3.399
Crecente	2.596
Cuntis	5.133
Dozón	1.827
Forcarei	4.219
Fornelos de Montes	1.976
Illa de Arousa, A	4.982
Lama, A	3.001
Meaño	5.465
Meis	5.002
Mondariz	5.259
Mondariz-Balneario	726
Moraña	4.411
Neves, As	4.466
Oia	3.227
Pazos de Borbén	3.170
Ponte Caldelas	6.422
Pontecesures	3.145
Portas	3.089
Ribadumia	4.874
Rodeiro	3.143
Rosal, O	6.570
Salceda de Caselas	8.289
Salvaterra de Miño	9.293
Silleda	9.248
Soutomaior	6.867
Valga	6.120
Vila de Cruces	6.475
Vilaboa	5.978

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 8 de febreiro de 2010 pola que se autoriza o cambio de denominación do colexio de educación infantil e primaria Dr. Eijo Garay de Vigo.

De conformidade co establecido no artigo 8.1º do Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, aprobado por Decreto 374/1996, do 17 de outubro, por proposta

da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, esta consellería

DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación específica do seguinte centro:

Provincia: Pontevedra.

Concello: Vigo.

Código: 36010241.

Denominación anterior: colexio de educación infantil e primaria Dr. Eijo Garay.

Nova denominación: colexio de educación infantil e primaria Illas Cíes.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

**CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO**

Resolución do 5 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para a concesión dos premios XIX Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, V Manuel María de literatura dramática infantil e VIII Barriga Verde de textos para teatro de monicreques.

Segundo establece o artigo 1.2º da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, Agadic é unha axencia pública autonómica das reguladas na disposición adicional quinta do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, facultada para exercer potestades administrativas no ámbito das súas funcións.

A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

Segundo establece o artigo 5 da Lei 4/2008, a Agadic exercerá, entre outras, as seguintes funcións: «estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autores e autoras, en canto subministradores de recursos inmateriais no proceso de produción».

A Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), na súa disposición transitoria primeira establece que «A Agadic sucederá o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais no exercicio das funcións que desenvolve e quedará subrogada na totalidade dos bens, dereitos e obrigas afectos ou constitutivos en virtude das mencionadas funcións».

A lei citada publicouse no DOG do 10 de xuño de 2008, e a súa entrada en vigor, segundo a súa disposición derradeira segunda, produciuse o día seguinte. Actualmente a Agadic é o organismo ao cal lle corresponde continuar a xestión atribuída ao extinto IGAEM, así como todas aquelas funcións que derivan da xestión das actividades dos centros de produción dependentes do IGAEM.

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais levaba anos convocando os seguintes premios literarios, co fin de incentivar a creación literaria no ámbito do teatro: premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, premio Manuel María de literatura dramática infantil e premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques. A Agadic, na súa condición de entidade sucesora do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, considera oportuno a continuación de tales premios, e por iso establece as bases reguladoras e convoca a XIX edición do premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, a V edición do premio Manuel María de literatura dramática infantil e a VIII edición do premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, consonte coas seguintes bases:

Primeira.-Obxecto e réxime xurídico.

Por medio desta resolución establécense as bases reguladoras e anúnciase a convocatoria para o ano 2010, baixo o réxime de concorrencia competitiva, da XIX edición do premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, da V edición do premio Manuel María de literatura dramática infantil e, en colaboración coa *Asociación Cultural Barriga Verde*, da VIII edición do premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques en dúas modalidades: para rapaces e para adultos, segundo o público a que vaian dirixidos os textos.

A concesión dos premios rexeráse por estas bases; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e, subsidiariamente, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións.

Segunda.-Dotación e imputación orzamentaria.

Existirá un único galardoadado por premio (e modalidade, no caso do premio Barriga Verde), coa seguinte dotación económica:

-Álvaro Cunqueiro: 6.000 €.

-Manuel María: 6.000 €.

-Barriga Verde (modalidade infantil): 6.000 €.

-Barriga Verde (modalidade para adultos): 6.000 €.

Estas cantidades serán imputadas aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para este exercicio 2010, con cargo á aplicación orzamentaria da Agadic 11.A1.432B.480.0, acreditándose a existencia de crédito axeitado e suficiente, e estarán suxeitas ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión.

Coa finalidade de difusión cultural que lle compete á Axencia, a Agadic poderá editar os textos premiados nas súas coleccións, e reservará para si os dereitos de edición ou coedición durante un período de dous anos desde a comunicación do ditame.

Terceira.-Participantes, incompatibilidades e motivos de exclusión.

Poderán optar aos premios persoas físicas que presenten textos teatrais inéditos escritos en galego conforme a normativa vixente, non representados nin premiados anteriormente noutros concursos ou convocatorias.

Os textos serán de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo para cada un dos premios, e quedarán excluídas as obras de teatro breve. Quedan excluídos, así mesmo, os textos para teatro de monicreques nos premios Álvaro Cunqueiro e Manuel María.

En cada un dos premios ou modalidade quedarán excluídos os orixinais que resultasen ser obra de autores premiados nas dúas convocatorias inmediatamente anteriores. Nesta mesma liña, os autores que resulten galardoados na edición 2010 non se poderán volver presentar nas dúas convocatorias posteriores do premio ou modalidade acadados.

Durante o proceso de resolución desta convocatoria, os participantes teñen a obriga de comunicarlle á Agadic a concesión de calquera premio que obtéña a obra presentada no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do proceso.

Non poderán acceder a estes premios os participantes que se atopen afectados por algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.-Forma e prazo de presentación.

* Textos:

Os textos deberán ser presentados por sextuplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A-4, mecanografados a dobre espazo, paxinados e grampeados ou encadernados.

Na portada de cada unha das copias indicárase unicamente o título e/ou lema e o premio a que optan

(no caso do Barriga Verde, especificando, ademais, a modalidade: rapaces ou adultos).

Nos textos non poderá figurar ningún dato que permita identificar o participante e romper o anonimato.

* Documentación:

Acompañando os textos, os participantes nesta convocatoria deberán entregar un sobre pechado que reflita no exterior os mesmos datos que na portada dos textos presentados (título e/ou lema e premio a que optan, coa modalidade no caso do premio Barriga Verde). No interior deste sobre pechado deberá incluírse:

-Solicitude de participación debidamente cuberta e asinada segundo o anexo que figura ao final destas bases.

-Fotocopia do DNI, NIF, NIE, pasaporte ou documento equivalente. O solicitante poderá autorizar á Agadic o acceso de oficio aos datos de verificación da súa identidade, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos, tal e como se establece na solicitude. Neste caso, non se exixirá a fotocopia do documento de identidade.

-Declaración asinada polo autor de que o texto presentado non foi publicado nin premiado.

* Prazo e lugar de admisión:

O período de admisión remata o 11 de xuño de 2010.

O envío debe ser realizado ao seguinte enderezo, con indicación do premio (e no caso do Barriga Verde, da modalidade) a que se presentan:

Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)
Rúa da Vesada s/n, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela.

Así mesmo, poderase presentar no rexistro xeral da Agadic, así como nos servizos ou rexistros correspondentes da comunidade autónoma, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e na súa disposición adicional 18ª. No suposto de optar pola opción do correo certificado, o envío deberá ser datado e selado por correos na parte exterior.

Ao abeiro do establecido no artigo 203º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de participación a estes premios comportará a autorización á Agadic para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social. Estes requisitos deberán acreditarse, en todo caso, antes da tramita-

ción dos pagamentos. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao premiado.

Quinta.-*Instrución e tramitación das solicitudes.*

A dirección da Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos e departamentos xestores, actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos recollidos no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, correspondéndolle realizar de oficio cantas actuacións xulgue necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar o ditame de concesión dos premios.

En particular, terá atribuídas especificamente as funcións de tramitación das solicitudes e orixinais presentados, a instrución e o requirimento aos solicitantes da emenda ou achega da documentación necesaria que resultase de obrigado cumprimento para o procedemento de concesión; todo isto conxuntamente co procedemento recollido no artigo 20.5º da Lei 9/2007.

Para a adxudicación dos premios teranse en consideración os criterios e puntuacións que se recollen na base sétima desta resolución.

Sexta.-*Xurado.*

Para a valoración dos textos constituirase un xurado formado por seis persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario e escénico: dous expertos en literatura dramática, dous elixidos entre escritores, dramaturgos, autores e adaptadores, e outros dous entre directores de escena e outros oficios teatrais. Actuará como secretario, con voz e sen voto, un membro do cadro de persoal da Agadic proposto pola dirección da Axencia.

Os membros do xurado serán designados polo presidente do Consello de Dirección da Agadic, que nomeará pola súa vez, de entre eles, o seu presidente. A súa composición farase pública no momento de se producir o ditame.

O xurado actuará en pleno e será necesaria a asistencia, como mínimo, de dous terzos dos seus membros. As súas deliberacións serán secretas, e da decisión redactarase a acta correspondente, que será asinada polo presidente e o secretario.

Os membros do xurado non poderán presentar textos a esta convocatoria.

Os premios poderán ser declarados desertos se así o considera o xurado.

Sétima.-*Criterios de valoración, exame e proposta de resolución: ditame do xurado.*

O xurado, tendo en conta os criterios de valoración que se especifican a seguir, relacionará os textos presentados por orde de prelación na acta correspondente.

O xurado, á hora de avaliar os textos presentados, terá en conta os seguintes criterios de valoración:

- a) Calidade literaria: 30 puntos.
- b) Calidade dramática: 30 puntos.
- c) Viabilidade escénica: 20 puntos.
- d) Adecuación á especificidade de cada premio: 10 puntos.
- e) Coidado da lingua: 10 puntos.

A dirección da Agadic, á vista da acta, elaborará a proposta de resolución e elevaraa á Presidencia do Consello de Dirección da Axencia, indicando o título dos textos premiados, o seu autor e o importe económico do premio correspondente. A proposta de resolución deberá motivar a valoración de cada un dos criterios, xustificando oportunamente a diferente puntuación entre os participantes.

Oitava.-Resolución, comunicación da decisión e prazo de aceptación dos premios.

O órgano competente para a resolución dos premios establecidos nesta convocatoria é a Presidencia do Consello de Dirección da Agadic, que resolverá o procedemento de concesión no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución.

A resolución producirase antes do 1 de novembro de 2010 e darase a coñecer a través dos medios de comunicación ou ben en acto público, sen prexuízo da súa publicación na páxina web da Agadic. Os galardoados deberán aceptar de forma expresa a concesión do premio no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da comunicación. Transcorrido este prazo sen comunicar a aceptación ou sen se producir manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

De non se notificar resolución favorable dentro do prazo indicado no parágrafo 1º, entenderanse desestimadas por silencio administrativo as solicitudes correspondentes. Contra esta desestimación presunta, así como contra a resolución expresa de adxudicación de premios, poderá interpoñerse, no prazo dun mes, recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello de Dirección da Agadic, ou interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, ante o órgano xurisdiccional competente, na forma e nos prazos previstos no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Novena.-Publicidade das obras premiadas.

A Agadic publicará no taboleiro de anuncios dos seus servizos centrais e no *Diario Oficial de Galicia* unha relación que conteña os extremos indicados na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 13, punto 5º d), da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Agadic publicará na súa páxina web unha relación dos beneficiarios dos premios, polo que a presentación da solicitude comporta a autorización para

o tratamento dos datos dos premiados e a súa publicación na páxina web da Agadic e no *Diario Oficial de Galicia*.

Os datos relevantes referidos ás axudas, subvencións ou premios recibidos, así como as sancións impostas, incluíranse nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, e como cautela prevista no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (e coa finalidade de protexer a identidade e os datos persoais dos participantes nesta convocatoria), na relación publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios desta axencia unicamente se fará constar unha referencia aos datos dos participantes que resultasen premiados, quedando preservados e debidamente protexidos a identidade e demais datos persoais dos restantes participantes na convocatoria.

Décima.-Pagamento dos premios.

Os premios outorgados por estas bases serán aboados dentro do exercicio económico 2010, unha vez que quede debidamente acreditada a identidade do autor. Así mesmo, e como o requisito de achega da documentación necesaria para a xustificación e cobramento do premio xa foi cumprido mediante a presentación da solicitude de participación, non será necesario presentar ningunha outra documentación complementaria para a súa liquidación, coa excepción do certificado bancario co número de conta de que sexa titular o adxudicatario.

Décimo primeira.-Retirada de orixinais non premiados.

Os textos non premiados e o resto da documentación administrativa poderán ser retirados das oficinas da Agadic, logo de presentación de solicitude de retirada asinada polo autor e identificación no momento da súa recollida, nun prazo de trinta (30) días contados a partir do seguinte ao da comunicación do xurado. Aqueles que non sexan retirados no prazo indicado serán destruídos, sen que caiba ningunha reclamación ao respecto.

Décimo segunda.-Información e control.

Os beneficiarios dos premios quedan sometidos ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou polo Consello de Contas segundo a súa normativa propia.

Ademais, deberáselle facilitar á Agadic toda a información e documentación complementarias que considere precisas para a concesión ou o aboamento do importe dos premios.

Décimo terceira.-Supostos de reintegro.

Procederá o reintegro total do premio concedido e dos xuros de demora que se teña dereito a percibir

desde o momento do seu aboamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos de incumprimento por parte dos beneficiarios dos premios das condicións establecidas para a súa concesión ou, de ser o caso, os supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei de subvencións de Galicia, aprobada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo cuarta.-*Aceptación e desenvolvemento das bases.*

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

A dirección da Agadic poderá ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta convocatoria.

Disposicións adicionais

Primeira.-*Normativa de aplicación.*

As bases reguladoras desta convocatoria axustaranse ás instrucións previstas nesta convocatoria, así como ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e rexeranse, ademais, no que naquelas non estiver previsto, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como por calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

Segunda.-*Posibilidade de recurso.*

Esta resolución é definitiva en vía administrativa, consonte o artigo 14.1º da Lei galega 9/2007, do 13 de xuño, e contra ela cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da data da súa notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, contra esta resolución pódese recorrer potestativamente en reposición, no prazo dun mes desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceira.-*Entrada en vigor.*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2010.

Roberto Varela Fariña
Presidente do Consello de Dirección da Axencia
Galega das Industrias Culturais

ANEXO

Solicitud de participación

PARTICIPANTE

Apelidos e nome
NIF
Enderezo
Código postal Concello Provincia ...
Teléfono Fax
Correo electrónico

TEXTO PRESENTADO

Premio a que opta (e modalidade, de ser o caso) ..
Título:
Lema:

EXPÓN:

Que ten coñecemento da convocatoria pública e das bases do XIX premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, do V premio Manuel María de literatura dramática infantil e do VIII premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques para o ano 2010, publicada por medio de resolución da Agadic do 5 de marzo de 2010, e que as acepta na súa totalidade.

AUTORIZA:

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) para gravar, nos mesmos termos establecidos no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia -en relación coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal-, os datos que figuran nesta solicitude, así como os que se achegan coa documentación a ela anexada nun ficheiro de solicitantes e beneficiarios de subvencións públicas da Agadic, nos mesmos termos e coas previsións contidas na devandita lexislación; esta solicitude tamén comporta a autorización á Agadic para poder solicitar as certificacións que deberá emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, e o solicitante poderá denegar expresamente tal consentimento mediante escrito presentado ante o órgano xestor, coa obriga de presentar os certificados indicados nos termos previstos regulamentariamente.

A Axencia Galega das Industrias Culturais para comprobación dos datos de carácter persoal, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos.

Quen abaixo asina DECLARA QUE: dá expresamente o seu consentimento á Agadic para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos

xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

..., de ... de 2010.

(Sinatura do participante)

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 3 de marzo de 2010 pola que se aproban os plans para a explotación de poliquetos en Galicia para o ano 2010 e se regula o seu exercicio.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, no seu artigo 2, establece que a política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos, baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.

A Consellería do Mar é o órgano da Administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponde desenvolver as competencias e funcións, entre outras, en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura e, á través da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, a conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.

A explotación de poliquetos no litoral de Galicia continúa aumentando ano tras ano debido á gran demanda destas especies para o seu uso como cebo na pesca deportiva, cun valor económico elevado e que constitúe para as persoas dedicadas ao marisqueo unha diversificación da súa actividade, que contribúe á mellora das súas rendas.

A Consellería do Mar, segundo o establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro (DOG nº 13, do 20 de xaneiro de 1994), polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, regulou a explotación deste recurso no litoral de Galicia mediante a Orde do 6 de febreiro de 1998 (DOG nº 33, do 18 de febreiro) e posteriormente coa Orde do 18 de abril de 2006, os plans de explotación

específicos para poliquetos (DOG nº 80, do 26 de abril).

Á vista da citada normativa, as especies que se explotan continúan a ser actualmente:

-*Hediste diversicolor*: miñoa vermella.

-*Diopatra neapolitana*: miñoa de tubo, casulo.

-*Lumbrineris impatiens*: engado vermello (gavilán).

-*Arenicola marina*: mangón, miñoa de area.

Nesta orde establécese o réxime necesario para permitir a explotación do recurso específico de poliquetos en Galicia coas garantías dunha boa xestión do recurso.

Polo tanto, examinados os plans de explotación remitidos polas entidades asociativas do sector e tendo en conta os informes emitidos polos técnicos desta consellería, e de conformidade co disposto na normativa antes citada,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Apróbanse os plans de explotación para o ano 2010 que se relacionan no cadro A e que se desenvolverán conforme as condicións recollidas na ficha resumo de cada un deles, que forman parte do expediente, así como o indicado no artigo 3 da Orde do 18 de abril de 2006 (DOG nº 80, do 26 de abril) e as instrucións que se poidan ditar ao respecto, de seren necesarias.

2. As solicitudes de apertura deberán presentarse no modelo publicado como anexo II desta orde. O modelo tamén estará á disposición nas páxinas web webpesca.xunta.es e pescadegalicia.com.

Xuntamente coas solicitudes de apertura mensuais deberán remitirse os datos de capturas relativos ao mes inmediatamente anterior conforme o modelo que se facilitará nos departamentos territoriais ademais da relación de mariscadoras/es que pretenden desenvolver a actividade. Igualmente, estes mesmos datos serán remitidos ao Servizo de Análise e de Rexistros, de xeito electrónico, ao enderezo produccion.pesqueira@xunta.es.

Estes modelos tamén poderán atoparse nos enderezos web: webpesca.xunta.es e pescadegalicia.com.

Artigo 2º

1. Todas aquelas persoas que queiran dedicarse á extracción de poliquetos deberán figurar nun plan de explotación e estar en posesión dun permiso de explotación de poliquetos segundo o regulado no Decreto 425/1993, do 17 de decembro (DOG nº 13, do 20 de xaneiro de 1994).

2. Os armadores de embarcacións con permiso de explotación que inclúen artes de anzol e que estean utilizando poliquetos como cebo deberán solicitar-